

JOSÉ RAMÓN ALONSO, Secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA)

CERTIFICO:

Que o Consello de Administración de TUSSA, celebrado o 5 de marzo de 2010, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"1. PROPOSTA DO ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE PARA 2010

..... Sometida a proposta de estado de previsión de ingresos e gastos da sociedade para 2010 a votación, esta apróbbase por unanimidade, do seguinte xeito:

"ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2010

1. ANTECEDENTES

A Sociedade Municipal TUSSA realiza as seguintes actividades:

- De acordo co obxecto social da empresa, TUSSA encárgase da instrumentación das políticas de transporte público urbano de viaxeiros e da coordinación doutros sistemas de transporte que serven ás necesidades da cidade.
- Dende o 2001 xestionamos de forma directa o aparcadoiro vixiado de Xoán XXIII, froito da encomenda de xestión realizada polo Concello.
- No ano 2004 encargóusenos por parte do Concello, e mediante encomenda de xestión, a explotación da superficie de Belvís e da dársena de autobuses de Xoán XXIII.
- En 2005, o Concello cedeu a TUSSA a concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses.

2. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2010

As previsións iniciais que se establecen para o exercicio 2010 recóllense resumidas nas seguintes partidas (IVE engadido), máis adiante desagregadas:

INGRESOS		1.941.796,05 €
Aparcadoiros	1.305.490,21 €	
Estación Autobuses	621.305,84 €	
Outros	15.000,00 €	
GASTOS, ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS		1.941.796,05 €
GASTOS E PERSOAL		765.308,79 €
Soldos e salarios	491.596,36 €	



Cargas sociais	167.902,52 €	
Outros	105.809,91 €	
GASTOS E SERVIZOS XERAIS		547.100,00 €
GASTOS DE ACTUACIÓNS PARA 2010		348.158,00 €
INVESTIMENTOS		281.229,26 €
Investimentos en bens materiais	281.229,26 €	

2.1 PARTIDAS DE INGRESOS

A sociedade municipal TUSSA afronta este novo exercicio cunha previsión de ingresos un 25,8% superior ao presupostado para 2009, debido principalmente ás previsións de aumento da rotación nos aparcadoiros municipais neste "ano santo Compostelán" e á posta en marcha de novas áreas de estacionamento como é o caso de Santa Marta.

Así mesmo cabe destacar o feito de que a pesar da situación actual os aparcadoiros xestionados por TUSSA sigan a aumentar o número de vehículos de rotación. As partidas de ingresos previstas detállanse a continuación:

	INGRESOS C/IVE	INGRESOS S/IVE
INGRESOS DOS APARCADOIROS	1.305.490,21 €	1.115.750,24 €

INGRESOS DE ROTACIÓN

APARCADOIROS	Coches	Tarifa media	Ingresos	Ingresos
Xoán XXIII (16%)	84.327	3,14	264.786,78 €	228.526,17 €
Xoán XXIII (18%)	114.610	3,20	366.752,00 €	310.593,10 €
Dársena (16%)	6.758	13,18	89.070,44 €	76.770,88 €
Dársena (18%)	7.581	13,65	103.480,65 €	88.470,27 €
Belvís (16%)	28.891	2,41	69.627,31 €	60.093,28 €
Belvís (18%)	34.647	2,45	84.885,15 €	72.065,76 €
Total ingresos rotación			978.602,33 €	836.519,46 €

INGRESOS DE ABONADOS E BONOS

XOÁN XXIII	Nº	Ingresos	Ingresos
Abonados 24 horas	201	131.369,58 €	112.278,60 €
Abonados diúrno	2	1.161,96 €	993,12 €
Abonados nocturno	6	2.614,32 €	2.234,16 €
Abonados moto	2	968,28 €	827,52 €
Colexio	8	1.933,12 €	1.986,24 €
Bonos 24 horas	75	40.779,00 €	34.896,31 €
Bonos diúrno	2	966,64 €	827,60 €
Total ingresos abonados e bonos		179.792,90 €	154.043,55 €

BELVÍS	Nº	Ingresos	Ingresos



Mañá	15	6.717,60 €	5.742,00 €
Tarde	5	2.239,20 €	1.914,00 €
Diurno	15	8.714,70 €	7.448,40 €
Nocturno	2	750,36 €	641,28 €
24 horas	17	12.757,14 €	10.903,80 €
Universidade	31	12.715,98 €	10.877,90 €
Total ingresos abonados e bonos		43.894,98 €	37.527,38 €

VENDING

APARCADOIROS	<i>Ingresos</i>	<i>Ingresos</i>
<i>Xoán XXIII</i>	1.500,00 €	1.282,05 €
<i>Belvís</i>	500,00 €	427,35 €
Total ingresos por vending	2.000,00 €	1.709,40 €

OUTROS INGRESOS

OUTROS INGRESOS	<i>Ingresos</i>	<i>Ingresos</i>
<i>Santa Marta</i>	90.000,00 €	76.458,92 €
<i>Previsión novos estacionamentos</i>	11.200,00 €	9.491,53 €
Total outros ingresos	101.200,00 €	85.950,45 €

INGRESOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES	621.305,84 €	531.721,76 €
--	---------------------	---------------------

CONCEPTO	<i>Ingresos</i>	<i>Ingresos</i>
Concertos e alugueiros	454.805,84 €	388.722,94 €
Alugueiro oficinas municipais	93.800,00 €	80.862,07 €
Facturación	31.000,00 €	26.495,73 €
Contrato publicidade	6.200,00 €	5.299,15 €
Consignas	15.000,00 €	12.820,50 €
Tren de lavado	1.500,00 €	1.282,05 €
Explotación surtidor	19.000,00 €	16.239,32 €

OUTROS INGRESOS	15.000,00 €	12.894,19 €
------------------------	--------------------	--------------------

	<i>Ingresos</i>	<i>Ingresos</i>
<i>Sistema público de bicicleta</i>	5.000,00 €	4.273,50 €
<i>Xornadas de transporte urbano</i>	10.000,00 €	8.620,69 €

TOTAL INGRESOS PREVISTOS	1.941.796,05 €	1.660.366,19 €
---------------------------------	-----------------------	-----------------------

2.2 PARTIDAS DE GASTOS
• GASTOS DE PERSOAL

A partida de gastos de persoal ten a seguinte desagregación para o 2010 (proponse un incremento anual do 0,3%, de acordo co que establecen os Orzamentos do Estado para o 2010).

TRABALLADORES	Salario sen antigüidade	Antigüidade	Total salario	Seguridade social	TOTAL
Axente	13.509,63	373,12	13.882,75	5.060,26	18.943,01

Axente	13.509,63	373,12	13.882,75	5.060,26	18.943,01
Axente	13.509,63	373,12	13.882,75	5.060,26	18.943,01
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	4.924,26	18.433,89
Axente	13.509,63	508,80	14.018,43	5.109,72	19.128,15
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	4.924,26	18.433,89
Axente	16.997,38	2.035,35	19.032,73	6.937,43	25.970,16
Axente	13.509,63	508,80	14.018,43	5.109,72	19.128,15
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	5.052,60	18.562,23
Axente	13.509,63	508,80	14.018,43	5.242,89	19.261,32
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	5.052,60	18.562,23
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	5.052,60	18.562,23
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	4.924,26	18.433,89
Axente	16.355,36	2.035,35	18.390,71	6.703,41	25.094,12
Axente	16.620,34	2.035,35	18.655,69	6.800,00	25.455,69
Axente	13.509,63	508,80	14.018,43	5.109,72	19.128,15
Axente	13.509,63	508,80	14.018,43	5.109,72	19.128,15
Axente	17.648,51	1.017,60	18.666,11	6.981,12	25.647,23
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	4.924,26	18.433,89
Axente	13.509,63	0,00	13.509,63	4.924,26	18.433,89
Encargado	20.692,11	1.609,65	22.301,76	8.128,99	30.430,75
Encargado	1.211,29	115,34	1.326,63	496,16	1.822,79
Administrativo	20.960,43	2.050,65	23.011,08	7.165,65	30.176,73
Administrativo	14.796,74	158,55	14.955,29	4.657,08	19.612,37
Admtivo. Contábel	23.404,30	2.340,43	25.744,73	8.016,91	33.761,64
Técnico	33.930,23	1.696,51	35.626,74	11.094,17	46.720,91
Director Xerente	48.526,40	0,00	48.526,40	11.950,29	60.476,69
Inspector	18.576,57	393,47	18.970,04	5.907,27	24.877,31
TOTAL SALARIO FIXO	465.873,74	19.151,61	485.025,35	165.480,14	650.505,49

RETRIBUCIÓN VARIABLE	IMPORTE	Seguridade social	TOTAL
Noites Xoán XXIII	2.062,25	751,69	2.813,94
Festivos Xoán XXIII	911,40	332,21	1.243,61
Noites Belvís	2.062,25	771,28	2.833,53
Festivos Belvís	546,84	204,52	751,36
Noites estación	259,15	96,92	356,07
Festivos estación buses	729,12	265,76	994,88
TOTAL SALARIO VARIABLE	6.571,01	2.422,38	8.993,39

Axustes previsión salarial	80.212,17	25.597,74	105.809,91
----------------------------	-----------	-----------	------------

TOTAL SALARIOS	TOTAL SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL CUSTO
-----------------------	--------------------------------	--------------------



571.808,53	193.500,26	765.308,79
-------------------	-------------------	-------------------

O incremento do importe total da masa salarial axústase ao 0,3%, de acordo co que establecen os Orzamentos do Estado para o 2010.

A partida de axustes na previsión salarial establécese para posibles variacións relativas a reforzos, axustes, traballos extraordinarios, complementos, etc...

• **GASTOS E SERVIZOS XERAIS**

A desagregación dos gastos xerais é a seguinte:

	IMPORTE C/IVE	IMPORTE S/IVE
GASTOS E SERVIZOS XERAIS	547.100,00 €	474.568,07 €
Reparación, conservación e limpeza estación autobuses	158.405,00 €	135.240,70 €
Reparación, conservación e limpeza aparcadoiros	27.700,00 €	23.710,00 €
Reparación e conservación equipos proceso información	1.800,00 €	1.538,00 €
Reparación e mantem. web, servidor, actual. Programas	6.500,00 €	5.555,00 €
Reparación e conservación elementos transporte	700,00 €	598,00 €
Servizos de profesionais independentes	22.075,00 €	18.868,00 €
Primas de seguros	13.520,00 €	13.520,00 €
Servizos bancarios	4.350,00 €	3.718,00 €
Publicidade	5.000,00 €	4.273,00 €
Subministrados (luz, auga)	117.000,00 €	100.561,00 €
Tributos (vehículos, Cámara Comercio, IBI, IAE)	21.150,00 €	21.150,00 €
Leasing maquinaria aparcadoiro Belvís	11.800,00 €	10.085,47 €
Leasing escaleira estación autobuses	32.100,00 €	27.435,90 €
Contrato vixilancia estación de autobuses	46.500,00 €	39.743,00 €
Gastos empresas tte. servizo de Facturación	21.100,00 €	18.034,00 €
Teléfono/correo	7.960,00 €	6.803,00 €
Material de oficina (incluídos tickets e tarxetas aparcadoiros)	8.710,00 €	7.476,00 €
Asignación para dietas e viaxes	6.000,00 €	5.000,00 €
Formación do persoal e outros gastos sociais	8.140,00 €	6.949,00 €
Consellos de Administración e outras comisións	10.500,00 €	10.500,00 €
Productos de limpeza e outros subministrados (roupa de traballo)	8.250,00 €	7.051,00 €
Asignación para outros gastos	7.840,00 €	6.759,00 €

• **GASTOS DAS ACTUACIÓNS PARA 2010**

	IMPORTE C/IVE	IMPORTE S/IVE
GASTOS DE ACTUACIÓNS PARA 2010	348.158,00 €	300.216,00 €
Renovación dos baños da estación de autobuses (entreplanta)	5.840,00 €	5.035,00 €

Limpeza e reparación das marquesiñas rurais e sinalización do tte. urbano	16.250,00 €	14.009,00 €
Posibles novas superficies de aparcadoiro	35.000,00 €	29.806,00 €
Posta en marcha do aparcadoiro de Santa Marta	69.200,00 €	60.810,00 €
Promoción e xestión da bicicleta (bicicleta pública, promoción bici privada, etc)	56.400,00 €	48.205,00 €
V Xornadas sobre o transporte urbano	30.000,00 €	25.862,00 €
Contrato campaña de traballos sobre a mobilidade	95.468,00 €	82.300,00 €
Promoción e publicidade do transporte público	25.000,00 €	21.368,00 €
Provisión para estudos de transporte: mobilidade, mellora da rede	15.000,00 €	12.821,00 €

Á vista das actuacións mencionadas no anterior cadro, observamos que neste ano apóstase de xeito decidido pola mellora global da mobilidade do noso concello, coa creación de novas áreas de estacionamento, control do sistema de transporte individualizado en bicicleta e unha política de avaliación e progresión continua na promoción do transporte público na cidade.

Renovación dos baños da entreplanta da estación de autobuses. É evidente que a estación de autobuses será no presente ano a porta de entrada para moitos dos visitantes á nosa cidade pola celebración do “ano santo compostelán”, polo que é a nosa intención que esta instalación sexa o máis comfortable posible.

Limpeza e reparación das marquesiñas rurais e sinalización do transporte urbano. Neste caso trátase de dar continuidade á labor iniciada o pasado ano, e que contou coa aprobación de todos os colectivos cidadáns implicados na mesma. A partida é substancialmente inferior á do ano anterior debido principalmente a dous motivos: por un lado o feito de que o pasado ano xa se afrontou un traballo completo sobre as devanditas infraestruturas e por outro lado débese ao feito de que a día de hoxe estas non son obxecto de tantos actos vandálicos como en anos pasados.

Posibles novas superficies de aparcadoiro. Desde TUSSA estamos a plantexar ao concello distintas alternativas para a creación de novas áreas de aparcadoiro de borde, co obxectivo de mellorar a mobilidade na cidade. É por iso que se decidiu habilitar esta partida en previsión do establecemento de novos aparcadoiros.

Posta en marcha do aparcadoiro de Santa Marta. Trátase, sen lugar a dúbida, dun dos proxectos máis ambiciosos de TUSSA desde a súa creación, que nace cunha clara vocación de mellora da mobilidade da área sur do concello. Os gastos para este primeiro ano correspóndense coa licenza de obra, seguro, seguridade, publicidade, sinalización, subministros, material de oficina, etc.

Promoción e xestión da bicicleta (bicicleta pública, promoción bicicleta privada, etc.). Desde o punto de vista social debemos ter en conta que para TUSSA é primordial a mellora da mobilidade na cidade; é por iso que esta empresa, ao amparo do Concello, estableceu un sistema de prioridades nas súas políticas de mobilidade, dando prioridade en primeiro lugar ao peón, en segundo lugar ao sistema de transporte individualizado en bicicleta e ao transporte público, e por último nesta xerarquía ao vehículo privado.

É obxectivo fundamental de TUSSA conseguir “roubar” usuarios do vehículo privado á bicicleta, así como aumentar a intermodalidade nos medios de transporte, é dicir, non pretendemos diversificar os usuarios de transporte actuais, senón que a bicicleta se presente como a solución da denominada “última milla”, ou sexa, o último tramo da nosa viaxe. Debemos ter en conta que o problema de mobilidade en vehículo privado chega na última parte da viaxe: é por iso que desde TUSSA impulsaremos o uso da bicicleta nese último tramo, ben si se chega en autobús ou ben en vehículo privado.



IV Xornadas sobre o transporte urbano. Como ven sendo habitual, cada dous anos TUSSA organiza as *Xornadas do transporte urbano*.

Contrato campaña de traballos sobre a mobilidade. Trátase do traballo de enquisas de mobilidade, aprobado por este Consello, e cuxo traballo se está desenvolvendo no inicio deste ano. Lembremos que estas enquisas son un instrumento estatístico que nos vai permitir obter información sobre como e porqué se move a nosa poboación, ademais de darnos ferramentas de análise das tendencias para a planificación da mobilidade. A partir dos datos que nos proporcione poderanse analizar os patróns de mobilidade en función das características da poboación e das diferentes zonas do transporte.

Promoción e publicidade do transporte público. É intención desta Sociedade continuar coa promoción do transporte urbano, tal e como se iniciou a finais do pasado ano. Este ano queremos dar un paso máis no caso da promoción do transporte, participando con dita promoción non só nos actos relacionados co "ano santo Compostelán" senón tamén coa divulgación dos beneficios e posibilidades que outorga o transporte urbano na celebración doutros eventos de carácter multitudinario.

Provisión para estudos de transporte, mobilidade, mellora da rede. Para a mellora do servizo do transporte, estudo e implantación de novos modelos enerxéticos. Unha vez que tanto a rede de transporte como a flota está asentada, consideramos necesaria a clara aposta por novos modelos de enerxías alternativas. Trátase este ano dun momento importante de cara á toma de decisións neste ámbito xa que o vindeiro ano deberemos renovar parte da flota do transporte urbano.

3. ESTADO DE INVESTIMENTOS A EFECTUAR DURANTE O EJERCICIO 2010

A desagregación dos investimentos a realizar neste ano é a seguinte:

INVESTIMENTOS	281.229,26 €
Aparcadoiro de Santa Marta	278.229,26 €
Renovación material informático	3.000,00 €

Como xa se comentou, o aparcadoiro de borde de Santa Marta supón un dos proxectos máis ambiciosos de TUSSA desde a súa creación. O proxecto para a realización da obra realizouno o servizo de Proxectos e Obras municipal e na realización do mesmo tívose en conta o carácter provisional do aparcadoiro. O importe do proxecto ascende a 278.229,26 €, IVE incluído.

4. ESTADO DAS FONTES DE FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS PARA 2010

Para facer fronte á construción do aparcadoiro de borde de Santa Marta, a Sociedade conta con excedente de tesourería suficiente, é dicir, con fondos propios, sen necesidade de ter que recorrer a financiamento externo.

O financiamento do investimento en renovación de equipamento informático levarase a cabo con cargo aos ingresos ordinarios de TUSSA previstos no propio orzamento.

5. PREVISIÓN DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PARA O EJERCICIO 2010

Título	(Debe) Haber SALDO ACTUAL
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS	
1. Importe neto da cifra de negocios.	1.570.810,19
a) Ventas.	

b) Ingresos por arrendamentos.	
c) Prestacións de servizos.	
2. Variación de existencias de promocións en curso e edificios construídos.	1.570.810,19
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	
4. Aproveisionamentos .	
a) Consumo de edificios adquiridos.	
b) Consumo de terreos e solares.	
c) Obras e servizos realizados por terceiros.	
d) Consumo doutros aprovisionamentos.	
5. Outros ingresos de explotación.	89.556,00
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente.	89.556,00
b) Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio.	
b) Outros resultados - Ingresos excepcionais.	
6. Gastos de persoal.	-765.308,79
a) Soldos, salarios e asimilados.	-491.596,36
b) Cargas sociais.	-167.902,52
c) Provisións.	-105.809,91
7. Outros gastos de explotación.	-737.262,70
a) Servizos exteriores.	-716.112,70
b) Tributos.	-21.150,00
c) Pérdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.	
d) Outros gastos de xestión corrente.	
e) Outros resultados - Gastos excepcionais.	
8. Amortización do inmovilizado.	-73.580,00
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.	
10. Excesos de provisións.	
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado.	
a) Deterioros e perdas.	
b) Resultados por enaxenacións e outras.	
A1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	84.214,70
12. Ingresos financeiros.	
a) De participacións en instrumentos de patrimonio.	
a1) En empresas do grupo e asociadas.	
a2) En terceiros.	
b) De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado.	
b1) De empresas do grupo e asociadas.	
b2) De terceiros.	
13. Gastos financeiros.	-1.745,06
a) Por débedas con empresas do grupo e asociadas.	



b) Por débedas con terceiros.	-1.745,06
c) Por actualización de provisións.	
14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.	
a) Carteira de negociación e outros.	
b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venta.	
15. Diferenzas de cambio.	
16. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros.	
a) Deterioros perdas.	
b) Resultados por enaxenacións e outras.	
A2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	-1.745,06
A3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A1+A2)	82.469,64
17. Impostos sobre beneficios.	
A4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A3 + 17)	82.469,64
B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS	
18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.	
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	82.469,64

É canto teño a ben propoñer."

Para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación o vinte e dous de marzo de dous mil dez.


